

# A Radio

↓ Manuel García-Galano

*Este ano que salíu cumpríuse el setenta e cinco cabodano del nacemento da radio en España, que foi, polo visto, nel 1924, anque a estas terras inda tardaría en chegar algún tempo.*

**N**a Roda, unde eu nacín y vivín a mía mocedá, foi aparecendo aló polos primeiros anos treinta. Acórdome ben qu'os nenos íbamos a Ca da Pedreira a escuitar a retransmisión dos partidos de fútbol del campionato del mundo que se taban daquela xogando en Italia. El tío Ramón,

qu'era un home neneiro, encendíanos el aparato, un caxón grande abondo y de muita potencia, según dicía a xente, pro que con ter tan bon corpo y todo ouguíase condo ye petaba, al nun ser as emisoras estranxeiras que, polo visto, tían máis potencia qu'as nosas. Condo máis encenagaos tábamos escuitando al locutor erguer a voz y dicir: "...*avanza Luis Regueiro, corre la banda izquierda... se interna en el área italiana... pasa a Campanal, que dispa...*", el aparato quedaba mudo, y nosoutros cuas ganas de saber si fora gol ou non aquel chut del xogador d'Avilés. El tío Ramón, con cara de dolo, dicíanos:

–Foise el onda, hai qu'esperar a que volva.

Nosoutros nun sabíamos muito ben qué sería aquilo del onda, pro esperábamos a que volvese, claro; qué outra cousa íbamos fer.

Xa máis delante, nos empezos da guerra civil, había aparatos de radio –qu'eu m'acorde en dúas tendas, qu'eran a d'Alvira y a d'Amadora. Nesta última xuntábanse ás noites un peteiro d'hommes pra escuitar as noticias nun aparato mui guapo, en forma de capiya, que tían posto na cocía. Tomaban café, ás veces, pra fer algo de gasto, y lían nun periódico –condo lo había, que nun era sempre– as noticias da guerra. Eu iba de vez en condon con meu padre y alí nos topábase sempre col tío Pepe manipulando os mandos d'aquel couso hasta que lo-


graba que s'ouguise daqué. Estonces todo el mundo calaba.

Úa noite conectóu cua emisora *Union Radio-Madrid*, condo el alcalde d'aquela ciudá, chamado Pedro Rico, iba a botar un discurso y todos nos dixuxemos a escuitalo mui atentos a ver lo que dicía. Nel discurso –que tía muito d'arenga col propósito d'animar y enardecer a os sous partidarios– repetía cada bocadín: "*¡porque nuestro triunfo es inminente... nuestro triunfo...!*".

Tan a miudo recalcaba lo del trunfo esto y el trunfo el outro, qu'ún dos contertulios, home de sou mui repousado y non mui falador –y qu'hasta estonces tuvera, como todos, mui calado, anque nun axugaba cuas ideas políticas del orador–, ergue el bastón y, dirixíndose amenazante hacia el aparato de radio, díceye berrando: "*¡El voso trunfo é el dous de bastos, nin máis nin menos, el dous de bastos; ei ta!*". De seguida, reprimindo a súa fogosidá, que foi como un relustro, y pode qu'hasta un pouco pesaroso por aquela estoupada de xenio, volvéu a sentarse nel sou sito y xa nun tentóu a gurgutar en toda a nóite.

Pasaron os anos, todos os da guerra civil y einda máis, hasta qu'a radio se foi estendendo y féndose pouco a pouco un artilluxo cuase imprescindible nas casas. Pro inda a lo primeiro era daqué al que nomáis chegaban os *pu-dientes*. Na casa unde lo había sabían ben que tían clientela da vecindá pra ouguir el serial d'Ama Rosa..., el parte..., Pepe Iglesias..., el Zorro... y el que cuadrace.

Andando os anos a radio foi convertíndose nel pan noso de cada día y levámoslo nos autos..., nel bolso... y hasta muitos al trabayo, condo poden felo.

Os tempos van cambiando todo. 



Dibujo: MIGUEL GALANO